

**PARA UNHA EDICIÓN CRÍTICA  
DA OBRA COMPLETA DE  
ROSALÍA**

**Aurora López**

Universidad de Granada

**Andrés Pociña**

Universidad de Granada

doi:10.17075/rcsxxi.2014.020





## 1. ESTADO DA CUESTIÓN

Conmemórase con este congreso o 150 aniversario da publicación, en Vigo, de *Cantares gallegos*, o primeiro dos dous grandes libros de poesía en galego de Rosalía, efeméride esencial tanto na creación literaria da nosa escritora como na historia total da literatura galega; pero, como imos ocuparnos de «Obras completas», quizais non veña mal recordar que non falamos do primeiro libro de Rosalía, afirmación inexacta que mesmo temos visto escrita, senón do quinto, publicado bastante despois de *La flor* (Madrid, Imprenta a cargo de M. González, calle de Silva, núm. 37, 1857), *La hija del mar* (Vigo, Imp. de D. J. Compañel, 1859 / Madrid, Librería de C. Bailly-Baillière), *Flavio* (Madrid, Imprenta de la CRÓNICA DE AMBOS MUNDOS, a cargo de R. Berenguillo, Magdalena, 35, principal, 1861) e *A mi madre* (Vigo, Imp. de D. Juan Compañel, 1863); neste mesmo tempo, publícanse, ademais, poemas soltos, que se incorporarán máis adiante aos poemarios<sup>1</sup>.

Dende estas cinco primeiras publicacións exentas ou illadas, en forma de libro, ata os nosos días, a escrita de Rosalía, en galego e en castelán, en verso e en prosa, acadou unha cantidade e unha variedade de edicións inmensa, única polo que se refire a autoras ou autores galegos, e excepcional mesmo no ámbito das literaturas en lingua española. Calculando a partir das edicións, reedicións e reimpresións de volumes de obras completas, antoloxías, agrupacións de obras de tipo vario, traducións e obras illadas, reunidas por nós durante corenta anos, o número total elévase a 257 exemplares, nos que é posible que non falten moitos, en forma orixinal ou en facsímile, para dar a suma completa das edicións de Rosalía, contando tamén as traducións a linguas diferentes das dúas orixinais. Tendo presente que o

---

1 Cf. A. López / A. Pociña: *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1991, vol. I; A. Pociña / A. López: *Rosalía de Castro. Estudos sobre a vida e a obra*, Santiago de Compostela, Laivento, 2000, 19-128; R. de Castro: *Poesía galega completa I. Cantares gallegos*, Ed. de A. Pociña e A. López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1992; *Poesía galega completa II. Follas novas. Poemas soltos. Traduccións*, Ed. de A. Pociña e A. López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2004.

cálculo non foi doado, e que pode ter unha lixeira porcentaxe de erros debida a posibles estimacións cuestionables nas clasificacións, estes serían os números das edicións de Rosalía:

*Obras completas*: 14 edicións. Non sempre levadas a ramo: recordemos o primeiro caso en que se pretende editar as obras completas, nos anos 1909-1911, chegando só a publicarse, en volumes independentes, *Cantares*, *Follas*, *Orillas* e *El caballero*; ou a nunca completada de Ediciones Akal, casa que publicou moitas e variadas edicións de obras de Rosalía, pero nunca o tomo I das obras completas, que debía levar toda a poesía, sacando só dúas edicións dos tomos II e III da prosa, a cargo de Mauro Armíño<sup>2</sup>; nin tampouco a anunciada polo Patronato Rosalía de Castro en 1990, a cargo de Ángel Abuín, da que só saíu un primeiro volume de prosa, coas tres primeiras novelas<sup>3</sup>. Unha consideración especial, que non podemos darlle aquí por razóns de espazo, merece a edición canónica das *Obras completas*, publicada en 1944 por M. Aguilar, en edición de Victoriano García Martí<sup>4</sup>, que foi repetíndose, cada vez máis completa, nos anos 1947, 1952, 1958, 1960, 1966, 1972, e pasou a publicarse en dous volumes en 1977,

---

2 R. de Castro: *Obras completas II. Obras en prosa: La hija del mar. El caballero de las botas azules*, Edición y notas de Mauro Armíño, Madrid, Akal editor, 1980. 566 pp. *Obras completas II. Obras en prosa: Flavio. Ruinas. El primer loco. Lieders. Las literatas. Padrón y las inundaciones. Costumbres gallegas. El Domingo de Ramos. Conto gallego. Cartas*, Edición y notas de Mauro Armíño, Madrid, Akal editor, 1980. 554 pp. Nova edición dos dous volumes en 1992.

3 R. de Castro: *Obra completa. I La hija del mar. Flavio. El primer loco*, Edición a cargo de Ángel Abuín, Padrón, Patronato Rosalía de Castro, 1990. XI + 651 pp. As tres novelas foron publicadas de novo en volumes independentes, polo mesmo editor e institución, en 1991.

4 R. de Castro: *Obras completas*, Recopilación, prólogo y notas de V. García Martí, Madrid, M. Aguilar Editor, 1944. CCVI + 1432 pp. No libro *Amada liberdade. Memorias*, de Fernando Pérez-Barreiro Nolla (Vigo, Xerais, 2012), este singular intelectual galego (1931-2010), falando das lecturas da súa mocidade, escribe: «[...] a lectura do *Vento mareiro* de Cabanillas, os *Parladoiros* de Otero que publicaba *La Noche*, e as lecturas de Rosalía e do prólogo que lle puxera Victoriano García Martí ás obras completas da poeta na editorial Aguilar, aquilo era un mundo que sentía como meu moito máis que o que me arrodaba no día a día. Poucas veces sentín falar despois dese prólogo de García Martí, e nunca en medios galeguistas. O que non é xusto porque, ademais de tecer un contorno emocional galego, ofrece unha perspectiva histórica e unha serie de datos que non aparecían noutras fontes...». Paga a pena reflexionar un pouco sobre estas certas e xustas palabras de Pérez-Barreiro, sobre todo nunha época en que se din e se escriben decote cousas e máis cousas sobre Rosalía xa tópicas, como se fosen descubrimentos novos, sen a máis pequena referencia aos autores e autoras da xa moi longa tradición dos estudos rosalianos, aos que lles debemos o mellor dos nosos coñecementos.

aumentada por Arturo del Hoyo<sup>5</sup>, con edicións posteriores en 1982 e 1988. Os estudosos e estudosas de Rosalía saben moi ben canto lle debeu a recuperación e difusión da súa obra a esta preocupación do benemérito editor.

*Obras completas* foron tamén as publicadas, en tres volumes e en dúas presentacións distintas por Xesús Alonso Montero, nos anos 1983<sup>6</sup> e 1989<sup>7</sup>, e a editada en dous volumes, con introdución de Marina Mayoral, en 1993<sup>8</sup>. E malia ser tan grande o número de edicións das *Obras completas* de Rosalía, que esixiría, polo menos, a intención de presentar melloras ou un coidado especial na presentación, nos textos e nas notas, en 1996 a Fundación Rosalía de Castro sacou unha edición sen nome ningún de editor responsable<sup>9</sup>, con esta nota limiar, que non resulta admisible nin científica nin legalmente: «Edición elaborada por un equipo de especialistas que consultou as edicións anteriores máis autorizadas».

*Antoloxías en xeral*: 52 edicións. Hainas de todos os tipos, case sempre de poesía, e son a forma de edición máis frecuente. Se tivésemos que salientar algunha pola súa difusión e significado no coñecemento da obra rosaliana, escolleríamos a realizada por Augusto Cortina, publicada na popular Colección Austral de Espa-

5 R. de Castro: *Obras completas. Tomo I Obras en verso*, Recopilación e intr. por Victoriano García Martí. Nueva ed. aumentada por Arturo del Hoyo, Madrid, Aguilar, 1977. CCL + 824 pp. *Obras completas. Tomo II Obras en prosa*, Recopilación e intr. por Victoriano García Martí. Nueva ed. aumentada por Arturo del Hoyo, Madrid, Aguilar, 1977. 1026 pp. Proba do interese posto por Aguilar na publicación das obras de Rosalía áchase no feito de que os dous volumes desta edición saíron con tres presentacións distintas, unha de mil exemplares numerados e encadernación elegantísima, outra en cartonné, outra en rústica. A edición volveu publicarse en 1982 e en 1988.

6 R. de Castro: *Obras completas. 3 Tomos*, Estudo, cronoloxía e bibliografía por Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela, Sálvora, 1983. 509, 511 e 607 pp.

7 R. de Castro: *Obras completas. 3 Tomos*, Estudo, cronoloxía e bibliografía por Xesús Alonso Montero, A Coruña, Hércules de Ediciones, 1989. 509, 511 e 607 pp.

8 R. de Castro: *Obras completas, I. La flor. Lieders. La hija del mar. Flavio. A mi madre. Cantares gallegos. Traducciones y artículos. Ruínas*, Introducción de Marina Mayoral, Madrid, Turner Libros, 1993. XXV + 728 pp. *Obras completas, II. El caballero de las botas azules. Folla Novas. En las orillas del Sar. Poemas sueltos. Cantos populares. Cartas. Conto gallego. Padrón y las inundaciones. Costumbres gallegas. El Domingo de Ramos. El primer loco*, Introducción de Marina Mayoral, Madrid, Turner Libros, 1993. XXVI + 759 pp.

9 R. de Castro: *Obra completa*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro, 1996. 796 pp.

sa-Calpe, de ben coñecida difusión universal, a partir do ano 1942 na Arxentina (5 edicións) e dende 1968 en Madrid (outras 5 edicións)<sup>10</sup>.

*Obra galega completa*: 9 edicións. Pioneira, e única verdadeiramente completa, é a edición de Xesús Alonso Montero, publicada por Akal<sup>11</sup> en 1977, con reedicións en 1982 e 1989. Carece, en cambio, do texto do *Conto gallego* a edición crítica en dous volumes, publicados en 1992 e 2004, por Andrés Pociña e Aurora López<sup>12</sup>, da que falaremos máis adiante.

*Poesía completa*: 10 edicións. Neste caso, cómpre salientar, por moitas razóns, entre elas o rigor científico co que foi realizada, o estupendo volume *Poesías* publicado polo Patronato Rosalía de Castro en 1973, coa atribución á Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela<sup>13</sup> nas edicións de 1973 e 1976, coa indicación despois, nas de 1982 e 1992, que a edición foi coidada por Ricardo Carballo Calero e Lydia Fontoira Suris. Malia o posto onde colocamos esta obra, hai que recordar que só contén os tres grandes poemarios de Rosalía, pero non *La flor*, *A mi madre* nin as poesías dispersas.

*Prosa completa*: 1 edición.

*Volumes con dúas ou tres obras distintas*: 14 edicións. As combinacións son variadas, sen que poidamos saber moitas veces as razóns a que responden semellantes agrupacións. Exemplos ben xustificadas poden ser a publicación en 1985, por José María Viña Liste<sup>14</sup>, dos facsímiles de *La flor* e *A mi madre*, dúas obras case sempre relegadas nos estudos sobre a poeta; ou a agrupación nun volume de *El caballero de las botas azules*, *Lieders* e *Las literatas*, feito en 2006 por María Pilar

---

10 R. Castro: *Obra poética*, Estudio y selección por el Prof. Dr. Augusto Cortina, Bos Aires, Espasa-Calpe Argentina, 1942. 174 pp. Reeds. en Bos Aires: 1942, 1943, 1950, 1963; en Madrid: 1968, 1972, 1975, 1980, 1982.

11 R. de Castro: *Obra galega completa*, Notas de X. Alonso Montero, Madrid, Akal, 1977. XXV + 341 pp.

12 R. de Castro: *Poesía galega completa I. Cantares gallegos*, Ed. de A. Pociña e A. López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1992. *Poesía galega completa II. Follas novas. Poemas soltos. Traduccións*, Ed. de A. Pociña e A. López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2004.

13 R. de Castro: *Poesías. Cantares gallegos. Follas novas. En las orillas del Sar*, Edición preparada pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, Padrón, Patronato Rosalía de Castro, 1973. 403 pp.

14 R. de Castro: *Poemas juveniles. La flor y A mi madre*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985. 138 pp.

García Negro<sup>15</sup>, coa finalidade de amosar o sentido radical e ousado das propostas de Rosalía «en materia social, política e feminista».

Edición de obras illadas:

*Cantares gallegos*: 38 edicións.

*En las orillas del Sar*: 32 edicións.

*Follas novas*: 31 edicións.

*El caballero de las botas azules*: 22 edicións.

*La hija del mar*: 8 edicións.

*A mi madre*: 5 edicións.

*El primer loco*: 3 edicións. As obras restantes só tiveron unha ou dúas edicións de forma exenta.

Este cómputo precipitado e superficial das diversas edicións da escrita rosaliana, que pensamos completar nun estudo polo miúdo tan axiña como teñamos tempo, pode servir de guíeiro sobre o que hai feito e o que resta por facer nas edicións da nosa poeta. De todos os modos, o que queremos deixar claro xa aquí é que existen edicións príncipes, facsímiles, completas, antolóxicas, independentes, bilingües, traducidas, etc., pero só existe un caso de edición crítica, que son os dous volumes da poesía galega completa publicada en Sotelo Blanco por Andrés Pociña e Aurora López. Deste feito parte a nosa proposta.

## 2. UNHA EDICIÓN CRÍTICA DA OBRA COMPLETA

A *Obra completa* de Rosalía, en verso e en prosa, en galego e en castelán, igual que a escrita de calquera escritor ou escritora que ocupe un posto de tanto relevo como o alcanzado por ela, precisa ser obxecto dunha edición crítica, no senso filolóxico tradicional deste concepto. A finalidade de tal edición crítica debe ser un texto que teime en recuperar a escrita de Rosalía tal como a nosa escritora pensou e desexou vela realmente publicada cando se achegou por vez última a cada unha

---

15 R. de Castro: *El caballero de las botas azules, Lieders, Las literatas*, Estudo introdutorio de María Pilar García Negro. Edición anotada de Celia María Armas García, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2006.

das súas obras, indo máis aló, nas obras editadas en vida, dos textos saídos á luz, pois tamén neles hai que corrixir posibles erros de edición, alleos á súa vontade.

Á nosa proposta desta edición crítica sonlle aplicables os presupostos que encabezan o noso discurso sobre problemas de edición crítica cando preparamos a de *Cantares gallegos*<sup>16</sup>. Permitídenos, pois, que os lembremos en síntese:

Por definición, hai tempo consolidada, a finalidade de toda edición crítica dunha obra literaria debe ser a reconstrución dun texto que sexa o máis semellante posible ao último do seu autor ou, se se quere, ao que este considerou definitivo. [...] No caso de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, o labor do editor crítico *sensu stricto* debería ser ben doado: existindo dúas edicións do libro, publicadas nos anos 1863 e 1872, polo tanto en vida da poeta, habería que facer unha análise dos textos de ambas as dúas, favorable ao da segunda nos casos de discrepancia que respondesen obviamente á vontade de Rosalía. Trataríase, xa que logo, de non moito máis ca unha edición paleográfica artellada sobre as dúas ben coñecidas, non moi difíciles de achar, e da primeira das cales, que é a máis rara, mesmo hai agora varias edicións facsímiles.

Mais a cousa non é tan sinxela. Ao noso ver, os *Cantares* de Rosalía cómpre editalos cos erros de Rosalía, coas súas vacilacións, mesmo, pese a quen pese, coas súas evidentes faltas de ortografía. Mais isto non se consegue simplemente cunha edición paleográfica (ou mesmo facsímile, cousa agora por fortuna frecuente), porque nas edicións primeira e segunda hai vacilacións, faltas, erros de Rosalía, é certo, pero tamén hai outros que non son dela. Neste aspecto, xamais vimos abondo ponderado non só o feito de que Rosalía, ao escribir *Cantares*, o fai por primeira vez nunha lingua en que non está afeita nin a escribir, nin tan sequera a ler de forma habitual, senón tamén a non menos importante de que os caixistas que compoñen o libro, en Vigo no caso da primeira edición ou en Madrid no da segunda, non teñen o costume de traballar con textos galegos, senón que compoñen normalmente textos en castelán, coas consecuencias que é doado imaxinar.

---

16 Algunhas particularidades de edición crítica postas en práctica por nós nesta edición foron explicadas en A. López / A. Pociña: «Notas a una edición de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro», en *Homenaje al profesor José María Fórneas Besteiro*, Granada, Universidad, 1995, I, 331-341 (publicado despois, en versión galega, en A. Pociña / A. López: *Rosalía de Castro. Estudos sobre a vida e a obra*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2000, 152-166).



Isto escribimos en 1992, e revisamos en 1995. Agora, na nosa proposta dunha edición crítica de toda Rosalía, sostemos que só é xustificable se partimos da intención de facela con todo rigor, poñendo sempre o inescusable aparato crítico a pé de páxina, que rexistre todos os datos que xustifiquen lecturas innovadoras ou arranxos en lecturas tradicionais. E isto tanto nos textos galegos, moito máis estudados e editados, como nos casteláns, dos que só se prestou unha certa atención, pero non completa, aos versos de *En las orillas del Sar*.

E matinando nisto, venenos á cabeza unha deficiencia bibliográfica importantísima á que terán que enfrontarse os editores ou as editoras que teimen en facer unha edición crítica de Rosalía como é debido e sería desexable: non existe ata agora, polo menos que saibamos nós, un estudo serio e rigoroso da lingua castelá en que a cantora padronesa escribiu unha parte tan importante da súa obra, á que agora está a prestárselle a debida atención polo que respecta a contidos, pero moito menos á lingua ou aos aspectos literarios que lle serviron de medio de expresión.

Unha reflexión final, pragmática se as hai. Xa vimos que existen moitas edicións das *Obras completas* de Rosalía. Quen pretenda, sexa persoa ou equipo, realizar unha nova edición, por fin crítica, debería como primeiro paso pescudar as posibilidades editoriais coas que pode contar: a mellor das edicións rosalianas, crítica e completa, pode durmir por séculos nun caixón por falta de editor. Dicimos isto con coñecemento de causa: a nosa *Bibliografía rosaliana*, da que publicou a Fundación Barrié en 1990 e 1991 os tres primeiros volumes, cada un con tiraxe de mil exemplares, dos que xa case non queda ningún, pero que aínda vinte e dous anos despois, en 2012, produciron máis de dous mil seiscientos euros por vendas, ten un cuarto volume, rematado en 2002, durmindo nun caixón, rexeitado por fundacións, universidades, deputacións, editoriais galegas, como obra non interesante. Así van as cousas.

